



PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS NO ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia,
DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten asinado o convenio arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Modificar as actuacións previstas inicialmente e asumir as novas propostas presentadas pola Universidade da Coruña para así dar cumprimento aos compromisos establecidos así como o anexo do convenio reflectindo a novas propostas de actuacións e o orzamento destinado a cada unha delas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

-O 20 de decembro de 2024 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento do Plan de Infraestruturas Universitarias no ano 2024, incluíndo na cláusula segunda do mesmo unha serie de actuacións relacionadas con concretas infraestruturas da universidade asinante.

-Logo de analizar o ritmo de execución das distintas actuacións previstas no convenio, e tendo en conta as dificultades manifestadas polos representantes da Universidade da Coruña que inciden na necesidade de adaptación do convenio para dar solución ás que cualifican de urxentes intervencións de rehabilitación de infraestruturas existentes e, en previsión da imposibilidade de realizar os gastos e consecuentes



xustificacións nos prazos previstos, o día 28 de maio de 2025 reuniuse a comisión de seguimento establecida na cláusula novena do convenio.

-Nesta xuntanza, logo da análise pormenorizada do executado ata o momento e, constatada a necesidade de adaptación das actuacións á situación financeira e necesidades manifestadas polos representantes da universidade, adoptouse o acordo de modificar as actuacións previstas inicialmente e asumir as novas propostas presentadas para así dar cumprimento aos compromisos establecidos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

